

A ESCOLA DA VIDA

Orientación e elección dos alumnos

06.02.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

O ministro de Educación transmitiu hai poucas datas toda unha batería de propostas para debater na comisión do Pacto de Estado pola Educación. A lista é ampla: 104 ofertas que tocan todos os ámbitos da educación. Para explicar como merece un grupo tan xeneroso e complexo de medidas farían falla varios libros. Así que, polo momento, ímonos referir exclusivamente á que o propio ministro sacou a colación: a de pór o curso de cuarto da ESO como un curso de orientación con dous perfís para os estudos postobrigatorios e que se organizará en dúas opcións. Por un lado, unha estará orientada cara aos estudos xerais, isto é, ao Bacharelato, e, por outro, outra cara aos estudos profesionais, en referencia aos actuais Ciclos Formativos de Grao Medio. Á súa finalización, o alumno obterá un único título de Graduado, pero coa posibilidade de continuar os seus estudos en calquera das dúas opcións.

Pedagoxicamente, a idea está ben, pois trátase de que os alumnos poidan decantarse por aquilo que máis lles interesa e tamén sigan estudando aquilo para o que se senten máis preparados. Continuar machucando os alumnos curso tras curso con que todos sigan un mesmo proceso prefixado é, ademais de absurdo, custoso tanto para os alumnos que non se adaptan aos requisitos, como para a sociedade, polo gasto que lle supón que estes repitan, coa conseguinte perda de medios que isto significa para o sistema e de tempo para que a persoa alcance os obxectivos de demostrar a súa valía no social e no profesional.

É de manual de Psicoloxía que desde certa idade, normalmente establecida no paso da infancia á adolescencia, isto é, arredor dos 12 anos, as capacidades mentais estrutúranse doutro xeito: as persoas son capaces de comprender cousas que non teñen unha substancia real, é o que chamamos pensamento abstracto. Pois ben, nin todos os mozos chegan á mesma idade a ese proceso madurativo nin todos os que o logran teñen as mesmas capacidades. Porén, ata agora, obrígaselles a que ata os 16 anos sigan os mesmos cursos. Ilóxico. O que debe facer o sistema educativo é educar a todos, pero non a todos por igual, senón a cada un en función das súas capacidades. Neste sentido, obviarles repeticións aos alumnos, adiantándolles a posibilidade de elixir o que desexan ser cos medios que dispoñen para iso é algo bo.